

**BASES AXUDAS PARA XUNTANZAS VECIÑAIS E ACTIVIDADES CULTURAI S 2012
CONCELLO DE MOS**

PRIMEIRO. FINALIDADE E OBXECTO

O Concello de Mos, pola presente convocatoria quere dar apoio ás entidades culturais e veciñais do noso municipio, para contribuír a que leven a cabo actividades socioculturais e para a poboación en xeral así como para a mocidade, as mulleres e os maiores, en particular, e para que realicen así mesmo programas de natureza variada xunto con actividades culturais, gastronómicas, turísticas, musicais e de calquera outra índole que promova toda a cultura e tradición galega e a mosense máis especificamente.

Consonte co anterior, e conforme ó disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no Regulamento de servizos das corporacións locais, e con cargo ó orzamento do Concello de Mos para o ano 2012, convócase, para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2012, as subvencións que a continuación se detallan:

<u>MATERIA</u>	<u>PROGRAMA</u>	<u>APLICACIÓN</u>	<u>CANTIDAD</u>
Cultura	Xuntanzas	451.489.0000	10.000,00 €

SEGUNDO. CONDICIÓN S

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo sinala o artigo 22 Lei Xeral de Subvencións. Con carácter xeral o importe da subvención solicitada será entre o 20% e o 80% do orzamento de gastos. Asemade, a actividade deberá contra cun financiamento propio pola entidade de, polo menos, o 10% do seu importe.

TERCEIRO. SOLICITANTES

Poderán optar ós programas contidos na presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas
- Carecer de fins de lucro
- Estar rexistradas no Concello de Mos, cos estatutos debidamente legalizados no rexistro da Xunta de Galicia, e inscritos no rexistro de asociacións veciñais do Concello de Mos, de acordo co establecido nos artigos 232 e 236 do R.D., 2568/86, do 28 de novembro (ROF).
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas
- Estar ó corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Mos.
- As asociacións solicitantes deben presentar a solicitud de participación nos programas a subvencionar no prazo de 30 días naturais a partir do día seguinte á publicación deste plan no BOP, achegando debidamente cubertos o modelo que aparecen no Anexo I destas bases.

CUARTO. DOCUMENTACIÓN

Documentación xeral que a entidade solicitante deberá presentar no prazo de 30 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación destas bases no BOP.

1. – As asociacións solicitantes deben presentar a solicitud de participación achegando debidamente cubertos o Anexo I que aparecen nestas bases.

2. – Anexo II e no seu defecto, fotocopia compulsada dos seguintes documentos: CIF, estatutos, certificado dos datos bancarios, NIF do representante

3. – Anexo II e no seu defecto as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

4. – Anexo II ou no seu defecto compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Mos en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades ou inversións.

5. – Anexo III e no seu defecto memoria explicativa das actividades que se van realizar; a memoria deberá facer mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda e o calendario fixado.

6. – Anexo III e no seu defecto orzamento estimativo dos gastos.

7. – Anexo III e no seu defecto importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do presuposto de gastos.

QUINTO. CRITERIO DE VALORACIÓN

Contraprestacións para Actividades Socioculturais.

O crédito existente na partida orzamentaria ascende a 10.000,00 € sinalada neste convenio. Estas actividades deberán estar reflectidas na memoria. As actividades coma reunións, xuntanzas, romarías, seráns...etc que se van desenvolver durante o ano, explicando brevemente o seu desenvolvemento, data prevista e número de persoas a participar. No orzamento deben figurar os gastos e ingresos estimábeis. Os criterios a ter en conta serán os seguintes:

Polo orzamento total da actividade: ate 6 puntos.

Polo coeficiente de financiamento: ate 4 puntos

SEXTO. CONTA XUSTIFICATIVA (a presentar ate o 31 de xaneiro do 2013)

Relación detallada doutras subvencións recibidas para a mesma finalidade e declaración responsable do Secretario da Asociación de non estar incurso en ningunha das causas para obter a condición de beneficiario.

Memoria xustificativa do cumprimento das condicións sinaladas na concesión de subvención. Deberá presentarse acompañando á memoria das actividades realizadas: carteis, folletos, fotografías, partes de asistencia ou calquera documentación que xustifique o cumprimento da actividade subvencionada.

O incumprimento deste apartado ou a xustificación insuficiente do mesmo será causa de reintegro do importe concedido.

Facturas orixinais ou duplicados (copia compulsada) de gastos de funcionamento, nas que constará o “recibín” do acredor. Estas facturas serán seladas para que non se poidan volver a utilizar como xustificante doutra subvención.

As facturas deberán ser polos requisitos que esixe o R.D. 1496/03.

Exemplo de gastos de funcionamento: auga, teléfono, alugueres, gastos de conservación e mantemento, gastos de transporte, gastos de viaxe, material de oficina, luz, publicidade, compra materias para cursos e outros derivados das actividades socioculturais da asociación e que non forme parte de actividades polas que se poidan solicitar outras subvencións.

O orzamento subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención é o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto de gastos presentados pola entidade.

*SÉTIMO. PUBLICIDADE, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.*

A publicidade das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello de Mos e anunciáranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitude.

As solicitudes deberán presentarse, segundo o modelo facilitado no Concello, dende a publicación do anuncio no BOP e estas poderán presentarse no Rexistro do Concello de Mos ou nalgún dos lugares que permite o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerada, supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios do Concello nos restantes casos.

As asociacións solicitantes deben presentar a solicitude de participación no programa a subvencionar no prazo de 30 días naturais a partir do día seguinte á

publicación deste plan no BOP, achegando debidamente cubertos o modelo que aparecen no Anexo I destas bases.

O prazo a xustificación das subvencións finalizará o día 31 de xaneiro do 2013, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado, ou por proposta razoada da unidade xestora.

Vencido o prazo de xustificación sinalado anteriormente, a Concellería de Cultura requirirá para que no prazo improrrogable de quince días presente a documentación xustificativa á entidade solicitante. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o arquivo da solicitude.

OITAVO. PROCEDIMENTO DE PAGO

As asociacións poderán solicitar o anticipo da axuda referida as actividades socioculturais cando se xustifique a insuficiencia de medios para financiar a publicación destas bases.

NOVENO. REINTEGRO DAS COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS.

Procederáse ao reintegro das cantidades percibidas e aos correspondentes intereses de mora dende o momento do aboamento das axudas e compensacións económicas, entre outros, nos supostos seguintes:

- Incumprimento da finalidade do convenio.
- Falsidade dos datos achegados.
- Outras causas enumeradas no artigo 37 da Lei 37/03, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Mos.

DÉCIMO. SILENCIO ADMINISTRATIVO

Tanto as solicitudes de participación nestas bases como as solicitudes de actuacións, entenderanse desestimadas se non se notificase a resolución expresa no prazo de tres meses, a contar dende a súa presentación no rexistro municipal.

DÉCIMO PRIMEIRO. ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Estas bases entrarán en vigor no día seguinte ao da súa publicación. Terán unha duración dende o 1 de xaneiro até o día 31 de decembro de 2012, e quedará condicionado pola existencia de crédito na partida orzamentaria sinalada neste convenio.

DÉCIMO SEGUNDO. DISPOSICIÓN FINAL

En todo aquilo non regulado expresamente nestas bases, rexeráse polas disposicións xerais recollidas na Ordenanza xeral de subvencións e o resto de normativa reguladora das subvencións.

Mos, 1 de agosto de 2012. – A Concelleira Delegada de Cultura, Sara Cebreiro Alonso. **2012007863**

**XUNTANZAS VECIÑAIS E CULTURAIS 2012
CONCELLO DE MOS****ANEXO I SOLICITUDE DE INCLUSIÓN**

Razón Social _____ C.I.F. _____

Datos Representante

Nome _____ Apellidos _____

D.N.I. _____ Teléfono _____

Documentación xunta:

- Memoria das actividades culturais a desenvolver asinadas polo/a representante.
- Orzamento detallado das actividades.
- Relación de ingresos en caso de que se obtivesen.

Mos, ____ de _____ de 2012 .

Asinado e selo da entidade.

Don/a _____

**XUNTANZAS VECIÑAIS E CULTURAIS 2012
CONCELLO DE MOS****ANEXO II**

Razón Social _____ C.I.F. _____

Datos do/da Representante

Nome _____ Apellidos _____

D.N.I. _____ Teléfono _____

Comprométome a actualizar a seguinte documentación: CIF, estatutos, DNI representante e certificado bancario, así como se produzan cambios dos representantes legais, estatutarios ou calquera outro cambio.

Autorizo o Concello de Mos a tramitar as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Declaro que ata o día de hoxe non se solicitou nin se percibiu ningunha axuda de ningunha outra administración públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, comprometéndonos a comunicalas no caso de solicialas ou obtelas.

Declaro que esta entidade que presido non esta incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, coñezo e acepto as bases da convocatoria e asumo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Comprométome a facer constar a colaboración do Concello de Mos en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.

E para que así conste perante a Concellaría de Cultura do Concello de Mos, ós efectos de esta subvención suscribo a presente.

Mos, _____ de _____ de 2012 .

Asdo. O/ PRESIDENTE/A: _____